



UNIDADE 7

Só ou acompañado?

Centre a atención dos estudantes na foto da portadiña e pídalles que a describan. Escoite logo as súas suxestións e, de non mencionaren que as persoas que aparecen **están facendo unha camiñada**, dígallelo vostede. Deseguida, interésese por saber se a eles tamén lles gusta camiñar e, de haber respostas afirmativas, pregúntelles se o prefiren facer sós ou acompañados e por que.

A continuación, escriba no encerado unha listaxe de actividades, como por exemplo: **andar en bicicleta, ir ao cine, facer as compras, mercar un agasallo, acudir a unha cita co médico** etc. Despois, pídalles que, en parellas, discutan cales farían sós sen ningún inconveniente e a cales lles gustaría que alguén os acompañase e quen (un amigo, a parella, un familiar...). Déixelles tempo suficiente para que o fagan e proceda logo a unha posta en común, na que lles pida que acheguen os debidos argumentos que poidan xustificar as súas preferencias.

Por último, informe brevemente os seus alumnos dos contidos da unidade e da súa tarefa final: determinar as calidades da parella ideal.

Só ou acompañado?



comprender

1. SOLTEIROS, PERO NON SÓS

Ler o testemuño de varias persoas que viven soas (non teñen parella) e reflexionar sobre as vantaxes e as desvantaxes desta situación. Definir o perfil do solteiro na actualidade.

ANTES DE COMEZAR

Lea o título da actividade, **Solteiros, pero non sós**, e pregúntelles aos seus alumnos en que se parecen e en que se diferencian as palabras subliñadas. Interésese tamén por saber que cren que expresa a frase do título.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos estudantes se coñecen alguén que vive só, sen parella, ou se é esa a súa situación. Pídalles que comenten en parellas por que cren que o fan. Faga unha posta en común e anote no encerado todos os motivos que suxiran: **porque están separados/viúvos/divorciados, porque decidiron non casar, porque non atoparon a persoa ideal coa que compartir a súa vida** etc.

B. Pídalles agora que lean os testemuños de catro solteiros publicados nunha revista e que anoten as vantaxes e os inconvenientes que aparecen en cada texto para a condición de solteiro. Logo, indíquelles que comparen as súas notas coas dun compañeiro e, a seguir, faga unha posta en común.

Solución

VANTAXES

Gañas liberdade.

Sénteste máis relaxado.

Es máis autosuficiente.

Podes tomar decisións sen ter que pensar noutra persoa.

Podes coñecer moita xente.

Non tes que renunciar a nada.

É unha oportunidade para coñecerte e aceptarte a ti mesmo.

INCONVENIENTES

Como nai, tes outras responsabilidades.

Es/Vólveste máis desconfiado.

Botas de menos o cariño doutra persoa.

Non podes organizar cousas con outra persoa.

Non tes a túa propia familia.

C. Pídalles agora que se fixen nas afirmacións das testemuñas e nas das anotacións que fixeron e que sinalen con cal ou con cales delas se identifican ou están máis de acordo. Logo, indíquelles que o comenten en parellas.

Se o considera oportuno, aproveite este momento para propoñerlles aos seus alumnos unha reflexión sobre

os conectores, aínda que tamén o poderían facer despois de que traballasen o ítem D. Recórdelles que nun texto argumentativo as ideas están conectadas mediante marcadores que indican a relación entre elas (matizan, opoñen etc.). Pídalles que volvan ler o texto e que subliñen os nexos que se empregan. Pode ofrecer vostede o primeiro exemplo: **Non é que me ille do amor, o que pasa é que non o busco como facía cando era máis mozo.** Logo, explíquelles que **o que pasa é que** é un conector que se usa para introducir unha explicación que desmente, corrixe ou xustifica a información anterior.

Mentres os seus alumnos realizan a actividade, escriba no encerado as funcións que poden desempeñar os conectores do texto:

Matizar unha información

Enfatizar e corroborar unha información

Organizar a información e engadir novos elementos

Opoñer información

Desmentir unha información dando unha explicación

A continuación, pídalles que relacionen cada conector coa función correspondente e anídeos a que contrasten as súas hipóteses co contido da epígrafe “Conectores” da sección de gramática, na páxina 61. Logo, corrixao nunha posta en común.

Antes de continuar, suxerímoslle que lles pida aos estudantes que fagan o exercicio 5 da páxina 107. Recórdelles que, para reaccionar ante as afirmacións, deberán empregar o conector máis axeitado, segundo o que opinen sobre cada situación.

D. Escriba no encerado a palabra “perfil” e pregúntelles aos seus alumnos se coñecen o seu significado. Se o considera necesario, pode tamén debuxar o perfil dun rostro humano. Asegúrese de que quedan claras as dúas acepcións máis importantes: postura na que só se deixa ver unha das dúas metades laterais do corpo e conxunto de trazos peculiares que caracterizan alguén ou algo.

A continuación, explíquelles que neste ítem se describen os *singles*, ou persoas que viven soas e pregúntelles se, antes de ler o texto, son quen de determinar o seu perfil típico. Para iso, pídalles que o discutan en parellas e que elaboren unha listaxe coas características que cren que teñen os *singles*. Despois, pídalles que lean o texto que se ofrece e que, logo, comparen o perfil ofrecido co que propuxeron eles previamente. Deseguida, faga unha posta en común a partir de preguntas do tipo: **Coincide, polo xeral, o voso perfil co do texto? Apuntastes algunha característica que non figura na descrición ofrecida? Cal?...**

Finalmente, pregúntelles aos seus alumnos por que motivos unha persoa, segundo o texto, se converte nun *single*? A resposta correcta é: **por vocación**,

por decisión propia ou por causas alleas á súa vontade. Fágalles notar o emprego da preposición **por** e pregúntelles que cren que expresa. De non o responderen correctamente (**causa**), fágao vostede.

E DESPOIS

Aproveite toda a información que aparece nesta actividade para fomentar unha charla sobre os solteiros en diferentes países ou culturas, a partir das seguintes preguntas (ou outras que considere oportunas): **Como trata a sociedade unha persoa que non está casada ou non vive en parella? Que mudanzas ocorreron nesa situación nos últimos anos?**

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 107, exercicio 4.

Páxina 108, exercicio 8.



2. PREPARADO PARA VIVIR EN PARELLA?

Contestar un cuestionario sobre a vida en parella e comentar os resultados. Reflexionar sobre o emprego do imperfecto de subxuntivo e do pospretérito para expresar condicións e consecuencias hipotéticas.

PROCEDEMENTOS

A. Introduza o tema comentándolles aos seus alumnos que moita xente opta por vivir en parella e que iso tamén ten as súas vantaxes e inconvenientes. A seguir, pídalles que comenten cun compañeiro se se consideran preparados para vivir en parella e escoite logo as súas respostas. É moi posible que moitos se sintan indecisos ou inseguros, polo que pode dicirlles que, enseguida, van facer un test para sabelo e poderán contrastar as respostas coas súas opinións iniciais.

A continuación, indíquelles que contesten o test individualmente e resolva, mentres tanto, as posibles dúbidas de vocabulario que poidan xurdir. Despois, anímeos a contrastaren os seus resultados cos doutras dúas persoas. Se considera que van sentirse cómodos, pode facer unha posta en común; se non, pase directamente ao seguinte ítem.

B. Pídalles agora que observen as formas verbais marcadas en azul e en vermello e pregúntelles se as recoñecen e a que tempos verbais corresponden (imperfecto de subxuntivo e pospretérito, respectivamente). Deseguida, anímeos a que completen o cadro, tendo en conta a información que achega cada tempo verbal.

Solución

–Unha condición difícil ou imposible de realizarse: *azul/imperfecto de subxuntivo*.

–Unha consecuencia desa acción: *vermello/pospretérito*.

C. Agora, coméntelles que as seguintes condicións hipotéticas aparecen incompletas e explíquelles que deberán completalas co tempo verbal apropiado en cada caso, pódose nas situacións ofrecidas. Déixelles tempo abondo e faga logo unha posta en común, na que debe asegurarse de que comprenderon ben o contido gramatical

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 106, exercicios 1 e 2.

Páxina 107, exercicio 3.

Páxina 108, exercicio 7.

3. DE FLORES, DE HUMOR, DE CADA UN

Falar sobre o que se pode facer para manter unha boa relación persoal. Reflexionar sobre os matices de significado que achegan as preposicións nos contextos nos que aparecen.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se cren que unha relación persoal (de parella ou de amizade) pode durar toda a vida. Ademais, pídalles que, no caso de que contesten positivamente, acheguen exemplos propios ou doutras persoas que coñezan. Se entre todos non se detecta ningún caso, mencione vostede algún (real ou ficticio). Logo, pregúntelles que actitudes ou comportamentos consideran que poden axudar a reforzar os lazos dunha relación persoal. Pode dicirlles, a modo de exemplo, **que as persoas sexan sinceras antes de nada**. A seguir, anímeos a que sigan achegando outras calidades e anote no encerado as súas preferencias.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles agora que, segundo algúns expertos no tema, existen claves que contribúen para manter ou mellorar as relacións persoais. A seguir, pídalles que, individualmente, lean as que figuran no cadro ofrecido e, logo, anímeos a que comenten entre todos a que consideran máis importante, cal lles parece a máis difícil de cumprir e se hai algunha que engadirían (ao mellor, algunha da listaxe do encerado).

B. Volva dirixir a atención dos estudantes ao cadro de claves e pídalles que se fixen no que vai destacado en grosa. Explíquelles que son preposicións e locucións prepositivas e pregúntelles se saben para que se empregan. Se for preciso, complete ou aclare as súas respostas e, a seguir, dirixa a súa atención ao título da actividade. Fágalles ver que nos tres contextos a mesma preposición (**de**) marca unha relación entre as

Só ou acompañado?

dúas palabras que a rodean e que, en cada caso, esta relación ten un matiz distinto de significado (**materia**, **caracterización** e **posesión**, respectivamente).

A seguir, pídalles que observen todas as preposicións das frases do cadro e que as clasifiquen na táboa que se ofrece, segundo o concepto máis axeitado en cada caso. Indíquelles que o fagan individualmente, pero permítalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro antes da posta en común.

Solución

Materia/Contido: **de** flores

Dirección: **cara a** unha relación

Causa: **por** calquera comportamento

Orde/Posición: **antes de** nada

Lugar: **no** restaurante

Caracterización: **de** poder, **do** humor

Posesión: **de** cada un

Tempo: **en** momentos difíciles

Modo ou maneira: **no canto de** acusar, **con** madurez, **con** tolerancia

A continuación, remita os seus alumnos á epígrafe “Preposicións e locucións prepositivas” da sección de gramática, na páxina 61, e vexa con eles o seu contido, ofrecéndolles máis exemplos nos casos nos que o considere necesario.

Coméntelles, ademais, que algúns verbos ou expresións piden unha mesma preposición en determinados contextos e convídeos a que lean tamén os exemplos que figuran na epígrafe “Verbos e expresións con preposición”, da devandita sección.

E DESPOIS

Se considera que os seus alumnos necesitan máis práctica sobre o tema que acaban de estudar, suxerímoslle que lles dea a cada un unha fotocopia das frases da **ficha 14**. Logo, pídalles que, en parellas, subliñen todas as preposicións ou locucións prepositivas que aparecen e que as clasifiquen segundo os significados das relacións que presentan en cada caso. Despois, corríxao nunha posta en común.

Solución

1. **co**: compañía; **a**: movemento
2. **na** (**en**): lugar
3. **antes das**: tempo; **para**: finalidade
4. **de**: contido
5. **sen**: carencia/modo
6. **de**: lugar (orixe/procedencia)
7. **agás**: oposición
8. **cun** (**con**): instrumento
9. **neste**, **na** (**en**): lugar
10. **de**: posesión
11. **por**: causa
12. **cara a**: dirección



practicar e comunicar

4. O DIARIO DE TERE

Ler dúas entradas dun diario publicado nun blogue, opinar sobre uns consellos e propoñer outros.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os seus alumnos coñecerán un novo valor da estrutura presentada na actividade 2 para expresar condicións e consecuencias hipotéticas (imperfecto de subxuntivo e pospretérito, respectivamente). Neste caso, trátase de aconsellar e de propoñer solucións para un problema.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes que é un blogue (recórdelles que faláron del na unidade 1), que tipos de blogues coñecen e que temas adoitan tratar. De ser necesario, explíquelles que se refire a unha páxina web persoal e de moi fácil manexo, na que os artigos ou entradas se publican cronoloxicamente, polo que moita xente o utiliza como diario persoal, no que comparte a súa vida e as súas inquietudes con outras persoas.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles que este é o caso de Tere, unha *single*, que ten que tomar unha decisión ante unha situación difícil, e séntese incapaz. Por iso, algúns dos seus lectores enviáronlle a súa opinión. Dígalles que lean os textos do blogue para descubrir o problema que ten Tere e por que está indecisa.

A continuación, pídalles que lean os tres primeiros consellos do cadro inferior e que digan con cal deles están máis de acordo e por que. Deixe que o comenten en parellas e faga logo unha posta en común para que se coñezan todas as opinións.

Finalmente, indíquelles que os tres últimos consellos do mesmo cadro están inacabados e anímeos a que os completen co que lles pareza máis axeitado, tendo en conta os tempos verbais que xa aparecen. Se o considerar necesario, faga con eles un breve repaso da estrutura que van precisar. Logo, pídalles que completen os consellos en parellas e, cando remataren, corríxao nunha posta en común. Se cre que necesitan fixarse máis nalgunha forma ou estrutura, pode anotar no encerado os consellos que fixeron, de xeito que as formas e as correlacións verbais que coinciden queden aliñadas nunha mesma columna.

B. Agora, pregúntelles aos seus alumnos se algún deles ten un blogue ou se participan ou seguen algún. Esta actividade pode axudarlle a coñecer mellor o seu grupo e os seus intereses persoais. No caso de que haxa respostas afirmativas, pode pedirles que llo presenten ao resto da clase.

E DESPOIS

Se lle parece oportuno, propóñalles que creen un blogue en galego, pode ser un diario individual sobre o curso ou sobre outro tema de interese común. Dígalles que en Internet poderán atopar diversas páxinas e referencias que lles poderán servir de axuda. Se teñen acceso no centro onde se imparten as clases, deixe que naveguen na rede durante uns minutos para que recollan información e planifiquen a estrutura do blogue. Logo, indíquelles que repartan o traballo por parellas ou por grupos de tres e que o desenvolvan na clase. Cando remataren, poderán escoller un voceiro que faga a presentación do bloque que acaban de crear.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 107, exercicio 6.

5. CITAS RÁPIDAS

Coñecer o fenómeno social denominado citas rápidas e opinar sobre el. Elaborar un cuestionario a partir do cal poderán coñecer unha persoa.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos estudantes: **Algunha vez oístes falar das citas rápidas? Sabedes en que consiste?** No caso de que non o saiban, explíquelles que se trata de encontros concertados entre persoas que buscan parella. Nun grupo de varias persoas, cada unha delas dispón dun tempo limitado para establecer contacto e conversar individualmente con todas as demais e, deste xeito, determinar se algunha delas lle interesa. Despois, ánimoos a que comenten, en pequenos grupos, que lles parece a idea e, no caso de que xa participasen nun encontro dese tipo, a que contan as súas experiencias.

B. Agora, pídalles aos seus alumnos que imaxinen que van participar nun encontro de citas rápidas. Dígalles que entre todos deberán decidir cal é o obxectivo do encontro: atopar unha persoa con quen saír, ir de vacacións, traballar nun proxecto, facer unha sociedade etc.

Unha vez decidido o obxectivo, pídalles que pensen nas sete preguntas que lle farían a unha persoa para saber se se axusta ao que procuran e que as escriban. Pode poñer como exemplo unha pregunta que faría vostede para escoller unha persoa con quen saír: **Que farías se tiveses moito diñeiro e un mes de vacacións?** Explíquelles que con esta cuestión se poderían avaliar as coincidencias e as diferenzas entre algúns dos seus gustos e afeccións. A seguir, ánimoos a que elaboren as súas propias preguntas.

Cando as teñan, pídalles que as comparen coas de dous compañeiros máis e que, logo, entre os tres escollan as sete mellores. A partir delas terán que crear un test. Explíquelles que este non será de respostas abertas, senón de elección múltiple, polo que necesitarán pensar, ademais, en tres posibles respostas para cada

unha das preguntas. A modo de exemplo, facilítelles as posibles contestacións para a pregunta que vostede formulou antes:

- a) **I ría a un hotel de luxo, con pensión completa, nunha illa paradisíaca.**
- b) **Collería unha mochila e atravesaría Australia.**
- c) **Compraría un billete no Transiberiano para viaxar dende Moscova ata Pequín.**

Déalles tempo abondo para que elaboren o seu cuestionario e pasee polos grupos para revisar a súa produción escrita. Ao final, propóñalles que colguen os textos na parede da aula para que se coñezan os diferentes cuestionarios. Se lle parece conveniente, tamén poderán escoller o test máis creativo, divertido, orixinal...

E DESPOIS

Recomendámoslle que lles suxira aos estudantes que realicen un encontro de citas rápidas na clase. Cada un deberá ter unha copia do test que elaborou en grupo. Divida a clase en dous grupos ou máis, en función do número de alumnos que teña, e coloque os estudantes en dúas filas, de forma que queden un diante doutro. A seguir, explíquelles que dispoñen de catro minutos para facerlle as preguntas do cuestionario ao seu compañeiro e, logo, deberán cambiar de parella, e así sucesivamente. Terán que apuntar as respostas dos compañeiros que entrevistaren e, ao final, escoller a persoa ideal para o obxectivo que definiron no ítem B.

6. TENDENCIAS

Extraer información dunha enquisa radiofónica e opinar sobre os temas abordados para pescudar se é posible recoñecer unha tendencia maioritaria no grupo.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que van escoitar unha enquisa que un grupo de estudantes elaborou para coñecer os hábitos e os gustos das persoas do seu contorno, respecto de tres temas: viaxes, traballo e educación. Deseguida, pídalles que observen as fotografías da actividade e que lean as preguntas. Logo, indíquelles que para cada pregunta van escoitar as respostas de dúas persoas diferentes e que deberán completar o cadro coas súas respectivas respostas.

Solución

- 1a. *Prefire viaxar en grupo porque soa abúrrese moito. Ademais, gústalle comentar todo con outras persoas. Encántanlle as viaxes organizadas.*
- 1b. *Prefire viaxar só, sen plan fixado e ao seu ritmo. Así pode coñecer a xente do lugar.*
- 2a. *Prefire traballar nunha oficina para organizarse e relacionarse cos compañeiros. Na casa non se organizaría e despistaríase moito.*
- 2b. *Gústalle traballar só porque organiza o traballo e os horarios como lle convén.*

Só ou acompañado?

- 3a. *Prefire clases presenciais en grupo. Pásao ben cos compañeiros e o profesor prepáralles a clase á súa medida.*
- 3b. *Gústalle as clases por Internet porque a atención é personalizada e pode conectarse cando lle vai ben a el.*

B. A continuación, ánimoos a falaren, en grupos de tres ou de catro, das súas preferencias respecto destes temas. Se lle parece conveniente, pode comezar vostede falando das súas.

C. Pídalle agora a cada grupo que nomee un voceiro que lles comente aos demais compañeiros cal é a opinión maioritaria do seu equipo. Ao final, tente promover un debate sobre os temas tratados.

7. QUE É UN AMIGO?

Reflexionar sobre o concepto de amizade a partir da análise dalgunhas definicións ofrecidas. Suxerir calidades para persoas e obxectos.

PROCEDEMENTOS

A. Escriba no encerado a palabra “amizade”, pregúntelles aos seus alumnos con que a relacionan e anote todas as súas ideas. Centre a atención deles na pregunta que lle dá título á actividade e, se lle parece conveniente, explíquelles que a definición de amigo é algo moi subxectivo e que tamén pode variar dunha cultura a outra. Por iso, unha publicación decidiu ofrecer un premio á mellor definición de amigo. Pídalles que lean as que enviaron varias persoas e que seleccionen a que lles pareza mellor. Despois, ánimoos a comentaren a súa elección cun compañeiro e logo faga unha posta en común.

A continuación, pídalles que escriban a súa propia definición de amigo. Pode aproveitar para incidir no emprego das frases relativas con preposición, escribindo no encerado:

É unha persoa/alguén/aquel + con/para/por/a + o/a que...

É unha persoa/alguén/aquel que...

Recórdelles os casos de contracción dalgunhas preposicións cos artigos definidos (**co/coa, ao/á...**), así como o emprego da preposición **por** coa segunda forma do artigo (**polo(s)/pola(s)**).

É aquel ao que lle podes contar os teus problemas.
É a persoa pola que farías calquera cousa.

B. Pídalles agora que pensen en posibles calidades para cada unha das categorías que se mencionan e que completen individualmente as definicións que se ofrecen na epígrafe. A continuación, pídalles que, en grupos de tres, comparen as súas formulacións coas que fixeron os compañeiros e que escollan logo aquela que máis lles guste para cada categoría.

E DESPOIS

Pode propoñerlles algunhas categorías máis para que elaboren unha definición para o próximo día de clase. Posibles categorías: **unha boa canción, un bo filme, un bo libro, un bo pai, un bo fillo, un bo estudante, unha festa divertida, unha persoa interesante, unha idea brillante** etc. Tamén os pode animar a que acheguen as categorías que se lles ocorran.

8. A NOSA PARELLA IDEAL

Definir as calidades da parella ideal.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos estudantes que a continuación se relacionan nove calidades ou virtudes que pode ter unha persoa e que, a partir delas, deberán definir o perfil da súa parella ideal. Para iso, pídalles que lean a listaxe e que enumeren os trazos de 1 a 9, segundo a importancia que lle dean a cada un. Coméntelles, ademais, que poderán engadir algunha característica máis se lles parecer necesario.

Cando remataren, indíquelles que formen parellas e que lle comenten ao compañeiro a orde que escolleron e que comproben en que coincidiron. Centre a súa atención na mostra de lingua, para que a teñan como modelo de diálogo.

B. Agora, explíquelles que seguirán definindo a súa parella ideal, pero establecendo como esta deberá relacionarse con eles mesmos, coa súa familia, cos seus amigos, coas súas teimas, cos seus intereses e coas súas afeccións. Outra vez, pídalles que traballen en parellas e, ao final, que cada un lle conte ao resto da clase os trazos que debe ter a parella ideal do seu compañeiro, de acordo cos parámetros propostos.

E DESPOIS

Se lle parece conveniente, pregúntelles aos seus alumnos se teñen parella e, nos casos positivos, ánimoos a que comenten en que aspectos queren que cambiasen e por que. Pode comezar vostede facendo un comentario do tipo: **Á miña parella gústalle moito saír e eu prefería que estivese máis na casa.** Logo, convídeos a que fagan o mesmo e tamén a que constrúan frases nas que falen das calidades ou comportamentos que non teñen e que á súa parella lle gustaría que tivesen. Advirta previamente que os comentarios expresados non teñen porque axustarse á realidade da súa convivencia.



9. PERSOA NOVA E SOLTEIRA

Ler uns fragmentos de informacións xornalísticas e relacionalos co respectivo titular.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta tarefa aborda algunhas cuestións que poden ser delicadas para algúns dos estudantes. Se observa que iso ocorre no seu grupo, recomendámoslle que intente non lle dar demasiada importancia ao tema e que os anime a que o tomen con moito sentido do humor.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado o título da actividade e pregúntelles aos seus alumnos onde cren que pode aparecer ou como formarían un enunciado a partir del. Entre as súas suxestións, é probable que mencionen nun **texto xornalístico**, pero, de non ser así, indíquelleslo vostede. Así mesmo, seguramente serán quen de determinar que este enunciado pode figurar nun anuncio de traballo ou nun dalgunha persoa que busca parella.

A continuación, pregúntelles que vantaxes e inconvenientes cren que teñen as persoas novas e solteiras. Recórdelles que na primeira actividade desta unidade se mencionaron algunhas e, a seguir, escoite atentamente as súas suxestións.

PROCEDEMENTOS

A. Agora remítaos á páxina 64 e preséntelles os distintos textos. Explíquelles que deberán lelos e, deseguida, relacionar cada un deles cun dos titulares que se relacionan na parte inferior. Cando terminaren, faga unha posta en común.

Solución

1. *Os solteiros queren gozar da vida.*
2. *Os fogares unifamiliares de separados e divorciados creceron en Galicia nos últimos 10 anos.*
3. *Axudas fiscais para contratar pais e nais solteiros.*
4. *Persoa nova e solteira que aínda vive cos seus pais.*
5. *As persoas solteiras e con fillos son as que menos flexibilidade horaria teñen.*

B. A continuación, pregúntelles aos seus alumnos cal das situacións descritas no ítem A lles parece máis frecuente ou lles resulta máis familiar. Indíquelles que formen parellas para comentalo cun compañeiro e que xustifiquen a súa resposta con exemplos. Se ten alumnos de distintas procedencias, pregúntelles se no seu lugar de orixe ocorren situacións semellantes con este colectivo social. Ademais, anímeos a que fagan as

comparacións pertinentes entre a vida e a rutina dos solteiros do seu lugar de orixe e as dos galegos.

Déixelles tempo abondo para que o comenten e propóñalles logo unha posta en común, para que se coñezan as diversas situacións.

C. Agora, pregúntelles aos estudantes que outros tipos de situacións que se poden dar cos solteiros cren que se poderían anunciar na prensa. Logo de escoitar as súas suxestións, anímeos a que procuren en diferentes xornais outras noticias semellantes. Se o prefire, seleccione previamente algúns exemplares de xornais nos que se atopen novas deste tipo, para que a actividade sexa máis produtiva. Por outra banda, se dispón de acceso a Internet na aula, tamén lles pode propoñer que procuren nun buscador reportaxes relacionadas coas persoas solteiras.

Poderán facelo en parellas ou en grupos de 3 ou de 4, en función do número de alumnos e de xornais/ordenadores dispoñibles. Cando remataren ou cando considerar que xa traballaron o suficiente, faga unha posta en común.

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostraron interese en falar e debater sobre o tema da solteiría, propóñalles que escollan outra cuestión social e que procuren noticias que dan unha perspectiva múltiple da situación. Na clase seguinte, poderán facer un breve debate, ou unha simple posta en común, na que vostede deberá actuar como moderador.

